

Víctor Freixanes: «Detrás de Vilanova de Alba está un país sen a vontade de ser»

Camilo Franco REDACCIÓN LA VOZ [CULTURA](#)

O novelista recibiu da Federación de Libreiros o premio ao Autor do Ano

03 abr 2011.

«Desde sempre me sentín moi valorado literariamente»

Víctor F. Freixanes recibiu onte nunha cerimonia celebrada en Narón o premio Irmandade do Libro da Federación de Libreiros, que o acredita como mellor autor do ano en Galicia pola súa novela Cabalo de ouros.

-¿Cre que o seu oficio de editor interfere na túa repercusión como escritor?

-Na miña repercusión como escritor non sei moi ben. Supoño que hai xente que pensa que son un escritor con vantaxes, e é certo. Estou no sistema e estou en posicións de responsabilidade no sistema. Pero tamén é certo que hai e houbo moita xente así: Guelbenzu, Gimferrer, Gallimard, Carlos Casares, Fran Alonso. E non pasa nada. Forma parte do sistema. Os que estamos nisto temos sempre a sensación de ter que demostrar dúas veces a condición. Tamén é verdade que eu levo na escrita desde os 24 anos, cando se publicou Unha ducia de galegos, e que a miña obra literaria é anterior ao meu traballo como editor. Non oculto que cando me decidín a publicar este libro, Cabalo de ouros, era unha dúbida que tiña de se debía publicar na editorial que dirixo ou non. Pero non é a primeira vez que me pasa. A cidade dos Césares é un libro que eu lle dera a Galaxia, entre outras cousas porque eu tiña alí publicada toda a miña obra. Dirixía Xerais por entón e case cando o libro estaba para entrar en imprenta, os compañeiros de Xerais dixeran que como era posible que estando á fronte dunha editorial o libro fose publicado por outra. Agora quizais o fago con menos dúbidas porque a miña casa para editar foi sempre Galaxia, que onde están todos os meus libros, menos dous.

-¿Pero pode suceder que sexa visto máis como editor que como escritor? ¿Pode provocar iso certa distorsión á hora de seguir a súa obra?

-É verdade que hai un público veterano, digámolo así cun eufemismo, que coñece a miña obra literaria e a valora. E desde sempre me sentín moi valorado literariamente. Pero tamén percibín que para as novas xeracións o señor Freixanes é un empresario da cultura. Ou un editor, ou un activista cultural ou mesmo un profesor da universidade. Recuperar a miña vella

identidade de escritor, que é o que me gustaría ser de maior, era outro dos desafíos desta novela. Cando pensei se escribirla ou non pesoume esta circunstancia porque inicialmente ía ser unha cousa máis de entretemento, pero logo dinme conta que tiña que estar a altura do anterior. Para non decepcionar a aquela xente que apostara polo que había detrás do Triángulo, do Enxoval ou dos Césares.

-¿Hai unha continuidade entre esas obras e «Cabalo de ouros»?

-Creo que hai un cambio importante neste libro que eu atribúo á madurez. A narrativa e a novela medran cos anos. A vida está chea de grises e na gama dos grises é onde está a riqueza da vida, a vida do laño como din os mariñeiros para referirse á riqueza das pedras. Ao mesmo tempo creo que o libro empata cun discurso anterior, pero avanzando nel. Creo que Cabalo de ouros pecha un ciclo que se iniciou con O triángulo inscrito na circunferencia, seguiu por A cidade dos Césares e conclúe agora.

-¿Pódese ver como unha triloxía?

-Pode ser lida así. Por máis que cada unha das novelas funcionan por separado e sen necesidade das outras. É o mundo de Vilanova de Alba. Se cadra queda material para un libro de contos, como quen recolle os restos e os enfía. Para completar esa Vilanova de Alba, como Galicia contada desde moitas perspectivas, incluída esa da Vilanova de Alba que se extingue e que pasa dunhas novelas a outras.

-¿Séntese cronista dunha época en desaparición?

-Na escrita de cada quen faise a parábola do mundo que vive. No meu caso creo que tamén. Nas miñas novelas hai esas parábolas. Nesta, que está máis cerca de nós no tempo e na paisaxe que o Triángulo ou que os Césares, está moito máis clara esa crónica. Detrás de Vilanova de Alba está un país sen a vontade ser. Vai no discurso porque a escritura de ficción é o máis parecido a debrocar os soños no diván do psiquiatra.

-Os libeiros sinalárono por «Cabalo de ouros» como autor do ano, pero nos premios dos editores e dos escritores non figurou como finalista. ¿Chámalle a atención?

-Non. Son criterios distintos. Supoño que tamén son intereses, pero son todos respectables.

-Recibiu críticas polos premios da Consellería de Cultura. ¿Séntese no centro dunha polémica innecesaria?

-Non.